

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a Normativa que regula a concesión de venias docentes ao profesorado dos centros adscritos á Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
Artigo 1. Venia docente.....	1
Artigo 2. Solicitude de concesión da venia docente.....	1
Artigo 3. Tramitación do procedemento	2
Artigo 4. Aprobación ou denegación da venia docendi	2
Artigo 5. Eficacia da venia docente.....	2
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	3
Disposición final primeira. Habilitación	3
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	3

PREÁMBULO

Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 94/2025, do 6 de outubro, establecen no seu artigo 31 que será requisito imprescindible para impartir docencia nos centros adscritos a *venia docendi* que outorgue o Consello de Goberno, logo do informe dos departamentos afectados.

Para os efectos de desenvolver o mandato estatutario, apróbase esta normativa, que regula os requisitos, o procedemento de aprobación e a eficacia da venia docente.

Artigo 1. Venia docente

1. Para impartir docencia nos centros adscritos será requisito imprescindible a venia docente, que se outorgará conforme ao procedemento e cos efectos establecidos nesta norma.
2. A persoa interesada deberá ter unha titulación do nivel de diplomatura, grao ou licenciatura no ámbito da materia que vaia a impartir.

Artigo 2. Solicitude de concesión da venia docente

1. A solicitude da concesión da venia docente será realizada pola dirección do centro adscrito ante a vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, para o profesorado encargado de cada unha das materias que se impartan no curso académico para o que se solicitan.
2. As solicitudes presentaranse no primeiro semestre do ano en que comece o curso académico.

Excepcionalmente, poderanse tramitar solicitudes fóra do prazo indicado cando for necesario para cubrir as vacantes que se produxeren durante o curso académico por causas sobrevidas.

3. A solicitude irá acompañada do currículo da persoa candidata, de preferencia no formato CVN (currículo normalizado) da FECYT (Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología) e dunha declaración responsable da veracidade dos méritos alegados.

Artigo 3. Tramitación do procedemento

1. Logo de recibir a solicitude do centro adscrito, a vicerreitoría con competencias en materia de profesorado solicitará ao departamento que corresponder un informe sobre a adecuación de cada unha das persoas candidatas para impartir docencia na materia ou materias para as que se solicita.

2. O departamento disporá dun prazo de vinte días naturais para emitir o informe, o cal deberá valorar, cando menos, os seguintes aspectos, sempre en relación coa materia ou materias que vaia impartir:

- a) titulación ou titulacións académicas
- b) experiencia docente previa
- c) experiencia investigadora, especialmente as publicacións científicas

O informe deberá ser aprobado polo consello de departamento. O seu sentido será favorable ou desfavorable e deberá estar motivado.

Artigo 4. Aprobación ou denegación da venia docendi

Logo de que o departamento competente emita o informe, enviarase á comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado, para a aprobación ou a denegación da venia docente.

Para a aprobación da venia docente será suficiente co informe favorable do departamento.

Cando o informe do departamento for desfavorable e, a xuízo da comisión, non estea suficientemente motivado, a comisión poderá solicitar un informe a unha persoa experta allea á Universidade da Coruña. A comisión resolverá a solicitude con base en ambos os informes.

Artigo 5. Eficacia da venia docente

A concesión da venia docente producirá efectos durante cinco cursos académicos, sempre e cando sexa para impartir a mesma materia dentro do mesmo plan de estudos e no mesmo centro adscrito.

Logo de transcorrer os cinco cursos académicos citados, será necesario volver a solicitar a venia docente.

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Derrógase o Regulamento para a concesión de venias docentes aos profesores de centros adscritos á Universidade da Coruña, que aprobou o Consello de Goberno o 29 de abril de 2005, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto neste acordo.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta norma, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña.

O reitor

Ricardo José Cao Abad